

## **XORNADAS SOBRE O CONSUMO DE ALCOHOL, DROGAS E VIOLENCIA VINCULADOS AO FENÓMENO DO BOTELLÓN. CONCLUSIÓN.**

Antes de concluír estas interesantes xornadas e de comezar o obxecto da miña intervención, gustaríame dar as grazas aos organizadores deste evento, a Concelleira de Servizos Sociais do Concello de Boiro, Natalia Laíño e a Fundación Democracia y Gobierno Local, especialmente a Amalia Ballesteros e a Antonio Arroyo, que nos acompañaron durante estes intensos tres días e nos facilitaron o acceso a estes poñentes de primeiro nivel.

Ben, dicir tamén que a miña presenza nesta mesa é totalmente accidental pero creo que podo dar unha visión imparcial do que aquí se escoitou. Xa que son maior de idade, non son nai, non traballo coa mocidade e algunha vez participei nun “Botellón”. Polo tanto, son allea, na medida que se pode ser, a este tema.

Despois de estar aquí, como moitos de vos, ao redor dunhas 20 horas escoitando diferentes explicacións e puntos de vista. O que me gustaría trasladar ao Concello, que anda tras solucións a esta costume da xuventude que lle está a traer problemas económicos, sociais e ambientais, como manifestaba o Sr. Alcalde na inauguración destas xornadas, é o seguinte:

En primeiro lugar, que a maioría dos expertos, colectivos e por suposto dos mozos e mozas que nestas xornadas interviñeron, non consideran “O Botellón” en si mesmo como algo negativo, senón que o consideran o “guateque”, o saír de viños e a movida das anteriores décadas.

O negativo desta práctica, é os problemas que suscitan, os que eu englobaría en dous grupos:

## 1.- Os problemas de orde social:

- A confrontación de dereitos entre os que se queren divertir e os que queren descansar.
- O custo que supón para a Administración e as molestias para a cidadanía, devolver o estado orixinal os lugares onde se celebraron estas reunións.
- E a preocupación e inseguridade que se sinte cando algúns dos seus partícipes rematan cometendo actos vandálicos. Momento no que as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado vense obrigados a intervir.

2.- E por outra banda, **os problemas de saúde** consecuencia dun uso abusivo do alcohol e outras drogas, que estas celebracións facilitan.

Aínda que os estudos presentados aquí, en ocasións desdínse. Xa que escoitei que o consumo de drogas entre os mozos e mozas de 14 a 18 anos está a descender e tamén escoitei o contrario, ambas posturas avaladas en datos de fiabilidade suposta. O que si quedou claro, é que España continúa a cabeza de Europa no consumo de cocaína, que duplicamos a media europea do consumo de cannabis e a pesar, ou a consecuencia das numerosas reformas educativas, non estamos nun posto meritorio cando falamos de rendemento escolar.

Quizais a solución a estes problemas este na **CONCIENCIACIÓN**, na **EDUCACIÓN** e na **INFORMACIÓN**. E non no constante regulamento coercitivo e no continuo endurecemento das normas xa existentes.

A **CONCIENCIACIÓN** de toda a sociedade, de que o ocio, necesidade humana, é o acorde a sociedade de consumo na que vivimos, pero non é o adecuado para a nosa saúde e para a dos demais. Porque digo isto, *porque si eu abuso do consumo, enfermo. Pero mentres eu estou a consumir ,non te deixo descansar, ti enfermas tamén.*

A **INFORMACIÓN**, creo que quedou constancia de que se está a dar información. O mellor non chega, pero temos organizacións como a **Cruz Vermella** co PROGRAMA MEDIADORES PARA EDUCACIÓN NA SAÚDE, que traballan nos centros de ensino ou como **DESFÍO JOVEN**, que traballa na prevención, rehabilitación e reinserción.

Tamén a Administración ten persoas dedicadas a traballar neste campo, **os técnicos de prevención**. É incluso, as **Forzas e Corpos de Seguridade do Estado** teñen o **Plan Directorio** que levan aos centros para informar non só os alumnos e alumnas senón tamén aos seus pais e nais.

E a **EDUCACIÓN**, creo que este foi o único punto onde, nestas xornadas, todos, poñentes e oíntes estivemos de acordo. Cheguei a entrever que a solución a estes graves problemas está na educación.

- A educación que se da aos nenos e nenas no seno familiar.
- A educación en valores que os pais e nais teñen que transmitir aos seus fillos e fillas.
- E, a responsabilidade que teñen os pais e nais en educarse eles mesmos, nas novas cuestións que xorden para poder guiar os seus fillos adolescentes no proceso de socialización.

Grazas.

